



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*ice*

Instituto de Ciencias da Educación

Praza de Mazarelos, s/n.  
15703 Santiago de Compostela (Spain)  
Tel. 981 563 100 · Fax 981 583 489

## CONVOCATORIA DE MATRÍCULA PARA O CURSO DE APTITUDE PEDAGÓXICA (C.A.P.) CURSO ACADÉMICO 2003-2004

### PRIMEIRA.- QUEN SE PODE MATRICULAR

Poden realiza-lo curso para a obtención do C.A.P. tódalas persoas que teñan a titulación requirida para acceder ó corpo de profesores/as de Ensino Secundario obtida no curso 2002-2003 (convocatoria de xuño ou setembro) ou anteriores.

Tamén poden concorrer aquelas outras que estean pendentes de unha materia para titularse, quedando supeditada a obtención do Certificado de Aptitude Pedagóxica a acadar-la titulación no curso académico 2003-2004 (convocatoria de xuño ou setembro).

### SEGUNDA.- VALIDACIÓNS

As únicas validacións recoñecidas son:

-Licenciados/as en Psicoloxía: Seminario B

-Aquelas persoas que acrediten un período mínimo de tres meses de experiencia docente en centros públicos de Ensino Secundario ou Centros privados homologados: Seminario F.

Pódese solicita-la validación das materias que compoñen o curso, acompañando á documentación da matrícula unha instancia dirixida ó Director do I.C.E. xunto coa correspondente acreditación de telas cursado.

### TERCEIRA.- PRAZO DE INSCRICIÓN DA MATRÍCULA

Do 1 ó 26 de setembro de 2003.

### CUARTA.- DOCUMENTACIÓN

1. Fotocopia compulsada do Título Académico.
2. Modalidade Semipresencial: Fotocopia compulsada do contrato laboral.
3. 6 fotografías.
4. Fotocopia do D.N.I.
5. Impresos oficiais cubertos.

O alumnado pendente de unha materia para titularse deberá presentar ademais:

- Declaración xurada segundo modelo a disposición no Negociado do I.C.E.
- Certificación na que conste que só resta unha materia para rematar-los seus estudos, espedida pola instancia correspondente.

### QUINTA.- TAXAS

Deberán aboa-las taxas establecidas por Decreto 327/2003 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de 24 de xullo de 2003 (DOG do 4 de agosto de 2003).

#### IMPORTE:

C.A.P ..... 151,36 €

Apertura de expediente ..... 18,13 €

Carpeta, material e sobre ..... 36,00 €

Deberán ser aboadas en calquera sucursal de Caixa Galicia na conta da Universidade de Santiago de Compostela.

En ningún caso se procederá á devolución do importe da matrícula do CAP agás no caso en que non sexa posible a realización do curso por causas imputables á Universidade.

O que por orde do Sr. Director do Instituto de Ciencias da Educación desta Universidade de Santiago de Compostela fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2003  
O DIRECTOR DO ICE

  
Miguel Anxo Santos Rego